

San Patricio sÃ³ trouxo boas palabras

Description

A pasada fin de semana todos os lideres polÃ­ticos do Ulster trasladÃ³ronse a New York. Quen pretendese representar algo na provincia britÃ¡nica do Norte de Irlanda tiÃ±a que estar presente na mÃ¡rcha verde pola Quinta Avenida. AÃ­nda que se lle atragoase a bandeira tricolor e os himnos patriÃ³ticos irlandeses. Todos se desprazaron á gran mazÃ¡ (Hume, Trimble, Adams, Mandelson, Bertie Ahern, Seamus Mallon) ata os que non estaban oficialmente convidados (Paisley).

O presidente William Clinton fixo un Ãºltimo esforzo para desbloquear o proceso de paz e puxo de manifesto a súa tristeza por un parÃ³n que dixo non comprender, mesmo insinuou a súa disposiciÃ³n de actuar nun futuro como mediador, cousa Ã¡ que lle semellan ter collido gusto os expresidentes USA.

De tanto rebumbio sÃ³ saÃ­ron unhas tÃ­midas palabras de Trimble sobre a posibilidade de retomar o goberno autÃ³nomo con participaciÃ³n do Sinn Fein si Ã© quÃ©n de convencer, cousa pouco doada, ao seu partido na reuniÃ³n do prÃ³ximo sÃ¡bado.

Londres optou por salvar a Trimble e tirou pola borda os esforzos de moitos meses. O IRA retirou a proposta que o xeneral De Chastelain tiÃ±a avaliado como positiva. BritÃ¡nicos, unionistas, republicanos e nacionalistas quedÃ³ronse sen nada. Segundo pasan os dÃ­as todos se decatan que compre recuperar o Acordo de Venres Santo, a dificultade estÃ¡ en como. O 22 de maio acÃ©rcase e o desarme, que os unionistas tentaron forzar para obter unha victoria polÃ­tica, estÃ¡ agora moito mÃ¡is lonxe que a principios de febreiro.

Os xestos de Londres (retirada de 500 soldados, posta en liberdade dos presos e aprobaciÃ³n da Lei de reforma da policÃ­a) e as boas intenciÃ³ns de Trimble non semellan suficientes. ¿CÃ³mo xustificar un regreso ao goberno autÃ³nomo ante os sectores mÃ¡is radicais do UUP?. Trimble seica o vai intentar o prÃ³ximo sÃ¡bado, veremos o que consegue. Mentres, Ian Paisley, lÃ­der dos unionistas opositores ao Tratado de Stormont non deixa de premer e tamÃ©n estivo en New York aÃ­nda que sÃ³ conseguiu ser recibido polo senador ultraconservador, Jesse Helms.

Clinton reuniuse cos demais, tratounos de convencer da necesidade de reinstaurar o goberno autÃ³nomo a cambio das garantÃ­as do Sinn Fein sobre o desarme. Mais Gerry Adams repite unha e outra vez que estÃ¡ farto de andar de recadeiro entre uns e outros e non conseguir nada e que dende logo a data do 22 de maio deixou de ser relevante.

O IRA considera que Ã© suficiente co seu compromiso e non estÃ¡ disposto a ningunha entrega de armas que poida ser interpretada como unha rendiciÃ³n. Se eles teÃ±en o seu exercito nos temos o noso, din.

Mentres sigan a falar a esperanza non estÃ¡ perdida e o pasado venres e sÃ¡bado continuaron facendo aÃ­nda que fose por medio de Clinton. MÃ¡is preocupantes son os movementos entre os disidentes do IRA, en Belfast son moitos os que esperan, un dÃ­a ou outro, unha bomba.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Nacionalismos ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Marzo 21, 2000

Meta Fields

Autoria : 10663

Datapublicacion : 2000-03-21 00:00:00